Exercicios de autoavaliación

Unidade 6

1. Que expresión caracteriza o reformismo formal da monarquía absolutista do século XVIII?

2. Que foi a Ilustración?

3. Como se pode definir o Neoclasicismo?

4. Cales foron os grandes pensadores ilustrados en Francia?

5. Cales foron os novelistas máis significativos do XVIII inglés?

6. Que escritores destacan na literatura alemá do XVIII?

7. Cal foi o pensador e que obra súa é a mais significativa do panorama literario italiano do XVIII?

8. Que é o máis notorio do século XVIII portugués?

Solucións aos exercicios de autoavaliación da unidade 6

1. O carácter reformista das monarquías absolutistas é o que define o despotismo ilustrado. A súa esencia está expresada co famosa frase de *todo para o pobo pero sen o pobo*, que reflicte a negación de dereitos políticos para o denominado Terceiro Estado.

2. A Ilustración foi un movemento filosófico e artístico que respondía ás necesidades e intereses da burguesía como clase social protagonista dos principais movementos políticos que se deron no século XVIII. O postulado fundamental era a construción dunha nova sociedade e, nese século das luces, *iluminar* coa razón a vida das persoas fronte ás superstición e á ignorancia, para o cal se concibía como un gran motor a educación e a crítica do *status quo* absolutista.

3. O Neoclasicismo foi unha corrente cultural e artística do século XVIII, que tiña como punto de partida máis salientable a recuperación da estética da antigüidade clásica, pretensión favorecida pola dimensión e transcendencia científica, académica e social da arqueoloxía.

4. Destacaron tres: Montesquieu, Voltaire e Rousseau.

5. Os máis representativos escritores no xénero da novela inglesa deste século foron J.Swift, Daniel Defoe e Jane Austen.

6. Herder, Schiler e Goethe.

7. O gran pensador italiano foi Vico, coa obra *Principios da ciencia nova.* Tamén brillou Cesare Beccaria.

8. Ademais da recuperación da independencia política, destacou a nivel cultural e literario a asimilación dos ideais ilustrados, tarefa na que desempeñou un papel principal o marqués de Pombal desde o seu cargo de Primeiro Ministro.